

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA O APOIO Á CELEBRACIÓN DA FESTA DO VERÁN DE RIBEIRA 2026

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ribeira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribeira para o apoio á celebración da Festa do Verán 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Ribeira é unha das portas principais da comarca do Barbanza, unha zona moi coñecida polo mar, as praias e a cultura mariñeira. Turisticamente combina natureza, gastronomía e ambiente local sen perder o carácter galego tradicional.



As festas de Ribeira teñen unha grande importancia como dinamizadoras do turismo, xa que atraen cada ano milleiros de visitantes interesados en coñecer a cultura mariñeira, a gastronomía e as tradicións propias das vilas costeiras. Estes eventos contribúen a promover a identidade local e a crear un ambiente festivo que beneficia tanto ao comercio como á hostalaría da zona. Ademais, as festas serven para poñer en valor o patrimonio cultural e natural das rías, favorecendo un turismo sostible e de calidade que axuda ao desenvolvemento económico e social das comunidades locais.

As Festas do Verán de Ribeira celebraranse este ano do 29 de xullo ao 2 de agosto de 2026 en Ribeira (A Coruña). Xa hai algunhas actuacións confirmadas, entre elas Café Quijano e Fillas de Cassandra. Tamén participarán orquestras moi coñecidas das verbenas galegas como París de Noia, Panorama e Olympus.

Neste contexto, a colaboración da Xunta de Galicia considérase fundamental para garantir o éxito do evento, potenciar os seus obxectivos estratéxicos en materia de promoción turística, valorización dos produtos galegos, impulso ao medio rural e fortalecemento da identidade cultural de Galicia, e contribuír, ao mesmo tempo, ao cumprimento das políticas públicas en materia de desenvolvemento rural, cultura, turismo e economía local. Deste xeito contribuiríase a garantir a continuidade e a mellora desta cita emblemática, afianzando a súa proxección de futuro e reforzando o seu papel como motor de desenvolvemento económico e social para O Barbanza e para Galicia no seu conxunto.

A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 recolle, dentro da "Misión 1. Galicia, destino auténtico e diferencial", a "Medida Estratéxica 1.8. Galicia é Festa". Nela indícase que as festas populares son unha mostra da identidade cultural e a tradición do territorio galego, polo que están chamadas a converterse nun reclamo turístico único, que pode atraer a diferentes perfís de turistas durante todo o ano combatendo así a estacionalidade do turismo. Por iso, é imprescindible promover tanto as Festas de Interese Turístico coma os eventos e celebracións populares que poñen en valor a nosa cultura, historia ou tradicións, resaltando a nosa singularidade.

Ademais das festas declaradas de interese turístico, cada vez xorden máis eventos que se caracterizan pola súa importancia mobilizadora de demanda turística e que supoñen un incremento de visitantes en diferentes municipios e áreas rurais, o que facilita a distribución do turismo por todo o territorio galego contribuído a unha maior cohesión e



equilibrio turístico, evitando a concentración nas grandes cidades ou áreas costeiras. Tamén contan con un importante efecto desestacionalizador.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Ribeira unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

